Juglans regia L., 1753

- nogueira, caroleira, concheiro, coucheira, noceira
- nogal, noguera
- Intxaurrondo-arrunta
- noguera, nou
- english walnut
- nogueira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Juglandaceae**	***Juglans***

ORIXE

Nordeste mediterráneo, Cáucaso, leste de Asia e Himalaia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de ata 25 metros de altura. Tronco con codia esbrancuxada e a ramificación é alterna, con codia marrón avermellada e dura nas pólas. Os gromos son marróns escuros e escamosos. As follas novas son aromáticas e algo pegañentas; son opostas, cun pecíolo glabro e aplanado, e imparipinnadas, con 7 a 9 folíolos que miden de 6 a 15 cm, dende lanceolados ata obovados, subsésiles, cun ápice agudo e marxe enteira; teñen unha nervadura central prominente da que xorden unhas 20 veas laterais.

HÁBITAT

Solos frescos, profundos e ben regados, silíceos ou calcarios. No sur da Península está máis restrinxida aos vales e socalcos en ambientes montañosos.

DISTRIBUCIÓN

Cultívase amplamente en toda a Península Ibérica e as Illas Baleares.

CURIOSIDADES

Madeira densa, forte e duradeira, moi apreciada para a ebanistería e como chapa para mobles. Tamén produce boa leña e carbón vexetal.